UN PEQUENO MUNDO
[*Un monde*, Laura Wandel, 2021, Bélxica, 72', VOSE]

Lingua **Francés**
Dirección e guión **Laura Wandel**
Montaxe **Nicolas Rumpl**
Fotografía **Frédéric Noirhomme**
Son **Thomas Grimm-Landsberg**
Reparto **Maya Vanderbeque, Günter Duret, Karim Leklou, Laura Verlinden**
Produción **Stéphane Lhoest (Dragons Films)**
Distribución **Avalon**

Nora comeza a primaria ao tempo que descobre o acoso que sofre o seu irmán maior, Abel. Nora debátese entre obedecer o seu pai, que a anima a actuar, e a necesidade de integrarse do seu irmán, que lle pide gardar silencio: un terrible conflito de lealdade. Nora debe atopar o seu lugar entre o mundo das crianzas e o das persoas adultas.

Cannes 2021 Premio Fipresci - Un Certain Regard

VINDEIRAS SESIÓNS NOVEMBRO 2022

LUNS 14
LUCES DA CIDADE
(Charles Chaplin, 1931)

MARTES 15
ESPÍRITU SAGRADO
(Chema García Ibarra, 2021)

MARTES 22
DIANTE DE TI
(Hong Sangsoo, 2021)

LUNS 28
ORFEO
(Jean Cocteau, 1950)

MARTES 29
OUTSIDE NOISE
(Ted Fendt, 2021)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA

FS #166
8.11.2022



UN PEQUENO MUNDO

LAURA WANDEL

CINECLUBE PONTEVEDRA

«O patio da escola é un golpe de realidade,
a necesidade de recoñecemento, o alicerce da sociedade»

LAURA WANDEL

ENTREVISTA CON **LAURA WANDEL**

Por que escolleu a infancia como tema e o colexio como decorado do seu primeiro filme? Escollín o colexio, e sobre todo o patio, porque é unha microsociedade. O tema da integración está nas escolas. Dediqueime a observar patios durante varios meses antes de comezar a rodar e descubrín que existía a noción de territorio. No patio, todo o mundo intenta ocupar o seu sitio.

A infancia é a época das primeiras descubertas, cando a vida e as relacións son moi intensas. Tamén é cando deseñamos e construímos a nosa paisaxe interior. Os primeiros anos do colexio inflúen nesa paisaxe, que a miúdo determina a nosa opinión do mundo cando somos persoas adultas. Mesmo máis que aprender a ler e escribir, exploramos as relacións cos demais.

Considera que o patio do colexio é o primeiro lugar onde aprendemos a socializar? Si, é o primeiro lugar fóra da familia onde aprendemos a relacionarnos con outras persoas. No filme, Nora vai ao colexio por primeira vez e descobre todos os problemas sociais: a integración, o atopar o seu lugar na sociedade..., estes temas son a base da humanidade; todas as persoas precisan integrárense, que as recoñezan, e moitos conflitos a nivel mundial teñen que ver con isto. En Bélxica, o fútbol ocupa a maior parte do patio, o que crea agresividade porque deixa moi pouco espazo para as crianzas que non xogan ao fútbol. O que ocorre no patio reflicte o que ocorre en moitos outros niveis da sociedade en todo o mundo.

Ródao todo desde o punto de vista dunha nena. Foi unha elección desde o nacemento do proxecto? Si. A miña intuición dicíame que debía rodarse así, que me somerxese totalmente para estar o máis preto posible do que Nora vive e sente para que o espectador puidese entrar na historia e proxectar nela elementos da súa propia experiencia.

Todo está ao servizo de Nora, da súa percepción. Ela só percibe fragmentos do mundo que a rodea, polo tanto, o espectador só percibe fragmentos de corpos, de espazos, todo é difuso porque se ve desde a altura dunha nena. O colexio é unha especie de monstro que se traga a Nora. Pasa o mesmo co son. Non hai nada máis enxordecedor có patio dun colexio: é unha forma de violencia. Os nenos externalizan a súa ledicia, berran; en realidade, é un xeito de facérense co seu espazo.

O son do filme é notable, mais non hai nin unha soa nota de música. Non sempre utilizamos son directo porque na maioría dos casos dirixía os nenos en directo, polo que houbo que facer moita sincronización na posprodución para engadir material novo, crear diálogos e darlle máis vida ao que ocorre fóra de campo. David Vranken e Corinne Dubien, que montaron o son, fixeron un traballo inmenso, igual que Mathieu Cox coas mesturas. Foron a patios de colexios para obter sons realistas. Tivemos que atopar o equilibrio correcto para non esgotar os oídos do público durante os primeiros minutos. Decidimos permanecer o maior tempo posible no rebumbio do colexio, mais tamén queriamos intres de silencio ou co barullo máis distante. O son do filme pode compararse a unha banda sonora moi elaborada onde todo está meticulosamente deseñado. En canto á música, prefiro que sexa intradiexética. Intento asegurarme de que a imaxe e o son abonden por si sós para acadar o poder emocional da música.

Falemos da actriz Maya Vanderbeque, que sostén o filme todo nos seus pequenos ombros. Como deu con ela? Nunha sesión de *casting* onde vin cen nenas. Nora tiña sete anos e xamais hei esquecer o que dixo antes da proba: «Quérolle dar toda a miña forza ao filme». Conmoveume fondamente. Mais non se correspondía coa Nora que eu imaxinara. En realidade, Maya é loira e leva o cabelo longo, mais estaba decidida a ter o papel e cortou o cabelo sen protestar. No *casting*, limiteime a pedirlles ás nenas que debuxasen o patio do colexio e me dixesen a que xogaban. Abondábame para observar o seus xestos, o xeito de falar, mentres a cámara as captaba. Decateime de que Maya desprendía algo enorme. Logo ensineille a nadar, o que creou unha forte relación entre as dúas.

Logo traballei con dous *coach* excepcionais. Unha delas, Perrine Bigot, era terapeuta da fala. Rodamos no mes de xullo, pero comezamos a traballar coas crianzas en abril durante tres meses cada fin de semana. Nunca leron o guión. Creamos varios grupos de traballo para construír a unión entre irmáns, as relacións de amizade, as dinámicas nos grupos, e tamén había un grupo con todos xuntos. Acostumáronse á cámara xogando. Tamén por medio de xogos traballamos as súas emocións para que puidesen expresalas sen que os absorbesen. Explicabámoslles o principio dunha situación e logo improvisabamos. Finalmente, pediámoslles que debuxasen a escena en tarxetas, coma un *storyboard* infantil. Á hora de rodar, sacabamos as tarxetas e sabían axiña de que escena se trataba. Foi moito traballo por adiantado, pero gocei co proceso. Maya é excelente, non sei de onde vén, mais aí está o resultado.

Publicado en avalon.me.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.